

AREA: MATEMÁTICAS

GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

BLOQUE 1.- PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	
ESTANDAR	GRADO MÍNIMO(30% DE ERROS)
MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	E capaz de explicar oralmente a maneira seguida na resolución dun problema.
MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	Traballa de forma ordenada e limpa
MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	Resolve problemas atendendo os medios tecnolóxicos cos que conta.
BLOQUE 2.- NÚMEROS	
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	Le, escribe, ordena e recolee os signos matemáticos aplicándoos correctamente.
MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais	Distingue as cifras atendendo ao seu valor dentro dun número en situacións reais.
MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes	Cofece, distingue e aplica correctamente os conceptos de anterior e posterior para a realización de series.
MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais	Cofece, distingue e aplica correctamente os conceptos de cardinal e ordinal.
MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	Dado un texto numérico interpreta de forma correcta os números ata o 999.
MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Distingue os conceptos de unidade, decena e centena, sabe cal é cada unha das súas cifras e o seu valor dentro dun número.
MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.	Cofece, distingue e aplica correctamente os conceptos de par e impar
MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados	Fai sumas e restas con levadas, coloca ben os sumandos e aplica as operacións na resolución de problemas
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Relaciona a multiplicación como a suma de sumandos iguais, realiza cálculos e iniciase no proceso de resolución de problemas.
MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental	Emprega procedementos axitados de cálculo mental
MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	Resolva problemas sinxelos de sumas e restas
MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Utiliza procedementos axitados na resolución de problemas empregando as operacións adecuadas e comprobando os resultados

GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

BLOQUE 3.- MEDIDA	
ESTANDAR	GRADO MINIMO(30% DE ERROS)
MTB3.1.1. Recoñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	Establece relacións axeitadas entre as medidas de lonxitude e os obxectos a medir e é capaz de realizar medidas sinxelas.
MTB3.2.1. Recoñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	Recoñece o Kg como unidade de masa. Sabe da existencia de instrumentos para medida e dos múltiplos e submúltiplos da mesma.
MTB3.3.1. Recoñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade	Recoñece o litro como unidade de capacidade. Sabe da existencia de instrumentos para medida e dos múltiplos e submúltiplos do mesmo.
MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	Distingue no reloxo as horas en punto e media, e cuarto e menos cuarto.
MTB3.4.2. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relacións.	Sabe cales e cantos son os días da semana, os meses do ano e as estacións.
MTB3.5.1. Recoñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizando tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.	Recoñece todas as moedas e billetes de curso legal e manéxas adecuadamente.
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	Recoñece e utiliza o metro como unidade de lonxitude utilizando de xeito correcto e sabe da existencia de medidas maiores e menores.
MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	Resolve problemas seguindo un proceso axeitado e comprobando os resultados.
BLOQUE 4.- XEOMETRÍA	
MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.	Dada unha figura é capaz de completala atendendo ao seu eixe de simetría.
MTB4.2.1. Recoñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	Sabe o que é un polígono, distingue liñas poligonais abertas e pechadas e diferencia as figuras xeométricas básicas do entorno.
MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	Diferencia corpos xeométricos básicos do seu entorno.
MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	Segue un itinerario sinxelo interpretando os distintos pasos.
MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	Resolve problemas sinxelos adaptados a súa idade.
MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Utiliza procedementos axeitados na resolución de problemas empregando as operacións adecuadas e comprobando os resultados.
BLOQUE 5.- ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE	
MTB5.1.1. Registra e interpreta datos en representacións gráficas.	Utiliza e interpreta gráficas básicas adaptadas a súa idade.
MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficas.	Utiliza e interpreta gráficas básicas na resolución de problemas contextuais.
MTB5.2.1. Diferencia o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.	Distingue cando un suceso é seguro, posible ou imposible.